

Tamén queda facultado para levar a cabo as modificacións que resulten necesarias na regulación dos libros-rexistro e nos modelos de información estatístico-contable anual, co obxecto de adaptar o Real decreto 301/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corredores de seguros e das sociedades de corredoría de seguros, ás disposicións desta lei en relación cos corredores de seguros e os de reaseguros, xa sexan persoas físicas ou xurídicas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 17 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

13010 *LEI 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). («BOE 171», do 19-7-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 45 da Constitución configura o ambiente como un ben xurídico de cuxo desfrute son titulares todos os cidadáns e cuxa conservación é unha obriga que comparten os poderes públicos e a sociedade no seu conxunto. Todos teñen o dereito a exixir aos poderes públicos que adopten as medidas necesarias para garantir a adecuada protección do medio, para desfrutar do dereito a vivir nun ambiente san. Correlativamente, impón a todos a obriga de preservar e respectar ese mesmo medio. Para que os cidadáns, individual ou colectivamente, poidan participar nesa tarefa de protección de forma real e efectiva, resulta necesario dispoñer dos medios instrumentais adecuados, cobrando hoxe especial significación a participación no proceso de toma de decisións públicas. Pois a participación, que con carácter xeral consagra o artigo 9.2 da Constitución, e para o ámbito administrativo o artigo 105, garante o funcionamento democrático das sociedades e introduce maior transparencia na xestión dos asuntos públicos.

A definición xurídica desta participación e a súa instrumentación a través de ferramentas legais que a fagan realmente efectiva constitúen na actualidade un dos terreos en que con maior intensidade progresou o dereito ambiental internacional e, por extensión, o dereito comunitario e o dos Estados que integran a Unión Europea. Nesta liña, débese destacar o convenio da Comisión Económica para Europa de Nacións Unidas sobre acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, feito en Aarhus o 25 de xuño de 1998. Coñecido como Conve-

nio de Aarhus, parte do seguinte postulado: para que os cidadáns poidan desfrutar do dereito a un medio saudable e cumprir o deber de respectalo e protexelo, deben ter acceso á información ambiental relevante, deben estar lexitimados para participar nos procesos de toma de decisións de carácter ambiental e deben ter acceso á xustiza cando tales dereitos lles sexan negados. Estes dereitos constitúen os tres piares sobre os que se asenta o Convenio de Aarhus:

– O piar de acceso á información ambiental desempeña un papel esencial na concienciación e educación ambiental da sociedade, constituíndo un instrumento indispensable para poder intervir con coñecemento de causa nos asuntos públicos. Divídese en dúas partes: o dereito a buscar e obter información que estea en poder das autoridades públicas, e o dereito a recibir información ambientalmente relevante por parte das autoridades públicas, que deben recollela e facela pública sen necesidade de que medie unha petición previa.

– O piar de participación do público no proceso de toma de decisións, que se estende a tres ámbitos de actuación pública: a autorización de determinadas actividades, a aprobación de plans e programas e a elaboración de disposicións de carácter xeral de rango legal ou regulamentario.

– O terceiro e último piar do Convenio de Aarhus está constituído polo dereito de acceso á xustiza e ten por obxecto garantir o acceso dos cidadáns aos tribunais para revisar as decisións que potencialmente puidesen violar os dereitos que en materia de democracia ambiental lles reconece o propio convenio. Preténdese así asegurar e fortalecer, a través da garantía que dispensa a tutela xudicial, a efectividade dos dereitos que o Convenio de Aarhus reconece a todos e, por conseguinte, a propia execución do convenio. Finalmente, introdúcese unha previsión que habilitaría o público a emprender procedementos administrativos ou xudiciais para impugnar calquera acción ou omisión imputable, ben a outro particular, ben a unha autoridade pública, que constituía unha vulneración da lexislación ambiental nacional.

España ratificou o Convenio de Aarhus en decembro de 2004, e entrou en vigor o 31 de marzo de 2005. A propia Unión Europea, ao igual que todos os Estados membros, tamén asinou este convenio, ben que condicionou a súa ratificación á adecuación previa do dereito comunitario ás estipulacións contidas naquel, o que efectivamente xa se produciu: en efecto, a tarefa lexislativa emprendida pola Unión Europea deu como resultado un proxecto de Regulamento comunitario polo que se regula a aplicación do convenio ao funcionamento das institucións comunitarias, e dúas directivas a través das cales se incorporan de maneira harmonizada para o conxunto da Unión as obrigas correspondentes aos piares de acceso á información e de participación nos asuntos ambientais. Trátase da Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, sobre o acceso do público á información ambiental e pola que se derroga a Directiva 90/313/CEE, do Consello, e da Directiva 2003/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público en determinados plans e programas relacionados co medio e pola que se modifican, no que se refire á participación pública e o acceso á xustiza, as Directivas 85/337/CEE e 96/61/CE. En consecuencia, o obxecto desta lei é definir un marco xurídico que ao mesmo tempo responda aos compromisos asumidos coa ratificación do convenio e leve a cabo a transposición das devanditas directivas ao ordenamento interno.

A lei estrutúrase en catro títulos. O primeiro ocúpase das disposicións xerais, identificando como obxecto da norma o recoñecemento dos dereitos de acceso á información, de participación e de acceso á xustiza, dereitos

que, co fin de facilitar o seu exercicio, aparecen catalogados de forma sistemática con independencia de que a súa regulación concreta se recolla nesta lei ou na normativa sectorial. Neste primeiro título recóllense igualmente aquelas definicións necesarias para a mellor comprensión e aplicación da lei. Destaca a distinción legal entre os conceptos de «público» en xeral, referido ao conxunto dos cidadáns e das súas asociacións e agrupacións, e o de «persoa interesada», que reforza o mesmo concepto xa recollido na lexislación administrativa coa atribución desta condición, en todo caso, a aquelas persoas xurídicas sen ánimo de lucro que se dedican á protección e defensa do medio e que acrediten o cumprimento duns requisitos mínimos, dirixidos a perfilar unha actuación rigorosa neste ámbito.

O título II contén a regulación específica do dereito de acceso á información ambiental, na súa dobre faceta de subministración activa e pasiva de información. Na primeira vertente, obrígase as administracións públicas a informar os cidadáns sobre os dereitos que lles reconece a lei e a axudalos na busca da información, ao mesmo tempo que se impón a obriga de elaborar listas das autoridades públicas que posúen información ambiental, que deberán ser publicamente accesibles co fin de que os cidadáns poidan localizar a información que precisan coa maior facilidade. Ampliase considerablemente o tipo de información obxecto de difusión, identificando uns mínimos de obrigado cumprimento en función da súa importancia e da súa urxencia. Ademais, para evitar e previr danos en caso de ameaza inminente para a saúde humana ou o medio, deberá difundirse a información que permita adoptar as medidas necesarias para paliar ou previr o dano. En canto á segunda vertente, a lei pretende superar algunhas das dificultades detectadas na práctica anterior, de forma que a obriga de subministrar a información non deriva do exercicio dunha competencia substantiva senón do feito de que a información solicitada conte en poder da autoridade a que se dirixiu a solicitude, ou do doutro suxeito no seu nome. Redúcese o prazo de contestación a un mes e soamente se poderá ampliar cando o volume e a complexidade da información o xustifiquen. Tamén a regulación das excepcións á obriga de facilitar a información ambiental supón un avance notable, posto que a denegación non opera automaticamente, senón que a autoridade pública deberá ponderar en cada caso os intereses públicos en presenza, e xustificar a negativa a subministrar a información solicitada. E, en todo caso, os motivos de excepción deberán interpretarse de maneira restritiva.

O título III da lei ocúpase do dereito de participación pública nos asuntos de carácter ambiental en relación coa elaboración, revisión ou modificación de determinados plans, programas e disposicións de carácter xeral. A regulación das demais modalidades de participación previstas no convenio e na lexislación comunitaria (procedementos administrativos que se deben tramitar para a concesión de autorizacións ambientais integradas, para avaliar o impacto ambiental de certos proxectos, para levar a cabo a avaliación ambiental estratéxica de determinados plans e programas ou para elaborar e aprobar os plans e programas previstos na lexislación de augas) defínese á lexislación sectorial correspondente. Este título péchase cun artigo a través do cal se regulan as funcións e a composición do Consello Asesor de Medio Ambiente.

Ao ser un ámbito de competencia compartida coas comunidades autónomas, a lei non regula procedemento ningún, senón que se limita a establecer o deber xeral de promover a participación real e efectiva do público; serán as administracións públicas as que, ao establecer e tramitar os correspondentes procedementos, terán que velar polo cumprimento dunha serie de garantías reconecidas tanto pola lexislación comunitaria como polo Convenio de Aarhus, que a lei enuncia como principios informado-

res da actuación pública nesta materia: facer publicamente accesible a información relevante sobre o plan, programa ou disposición normativa; informar do dereito a participar e da forma en que o poden facer; reconecer o dereito a formular observacións e comentarios naquelas fases iniciais do procedemento en que estean mesmo abertas todas as opcións da decisión que teña que se adoptar; xustificar a decisión finalmente adoptada e a forma en que se desenvolveu o trámite de participación. En ambos os casos, corresponderalle a cada Administración determinar qué membros do público teñen a condición de persoas interesadas e poden, por conseguinte, participar en tales procedementos. A lei establece que se entenderá que teñen en todo caso tal condición as persoas xurídicas sen ánimo de lucro que se dediquen á protección do ambiente e cumpran os demais requisitos previstos pola lei no seu artigo 23. Estas garantías en materia de participación serán de aplicación, segundo dispón o artigo 17, en relación con aqueles plans e programas previstos na Directiva 2003/35/CE. En canto aos procedementos de elaboración de disposicións regulamentarias, o artigo 18 incorpora unha lista aberta en que se enumeran as materias en cuxa regulación se deberán observar os principios e garantías que en materia de participación establece a lei. Exclúense, non obstante, as normas que teñan como único obxectivo a defensa nacional ou a protección civil, as que perseguen exclusivamente a aprobación de plans e programas e as que supoñan modificacións non substanciais de normas xa existentes.

O título IV e último da lei ocúpase do acceso á xustiza e á tutela administrativa e ten por obxecto asegurar e fortalecer, a través da garantía que dispensa a tutela xudicial e administrativa, a efectividade dos dereitos de información e participación. Así, o artigo 20 reconece o dereito a recorrer en vía administrativa ou contencioso-administrativa contra calquera acto ou omisión imputable a unha autoridade pública que supoña unha vulneración destes dereitos. Estes recursos réxense polo réxime xeral; non obstante, o artigo 21 regula un tipo de reclamación específica para as vulneracións cometidas por suxeitos privados sometidos pola lei aos deberes de subministrar información ambiental. Así mesmo, a lei incorpora a previsión do artigo 9.3 do Convenio de Aarhus e introduce unha especie de acción popular cuxo exercicio corresponde ás persoas xurídicas sen ánimo de lucro dedicadas á protección do medio, que se constituísen legalmente polo menos dous anos antes do exercicio da acción e desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial afectado polo acto ou omisión impugnados. Conságrase definitivamente, desta maneira, unha lexitimación legal para tutelar un interese difuso como é a protección do medio a favor daquelas organizacións cuxo obxecto social é, precisamente, a tutela dos recursos naturais.

Dentro da parte final, destacan as modificacións operadas, respectivamente, no Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, e na Lei 16/2002, do 1 de xullo, sobre prevención e control integrados da contaminación. Ambas traen causa da Directiva 2003/35, cuxa transposición é abordada polas disposicións derradeiras primeira e segunda da lei co obxecto de adecuar ambas as normas ás regras sobre participación previstas no Convenio de Aarhus e asumidas polo lexislador comunitario a través da mencionada directiva.

Por último, os títulos competenciais recóllense na disposición derradeira terceira. Así, esta lei dítase, na súa maior parte, ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, ben que é preciso invocar o artigo 149.1.14.^a da Constitución en relación coas taxas e prezos que corresponda satisfacer aos solicitantes de información ambiental no ámbito da Administración xeral do Estado, o artigo 149.1.18.^a, no relativo a recursos en vía administrativa que

se poidan presentar por vulneración dos dereitos de información e participación recoñecidos na lei, e o artigo 149.1.6.^a, polo que respecta á acción popular en materia de ambiente.

Atendendo á distribución de competencias en materia de ambiente, e ao abeiro da competencia que o artigo 149.1.23.^a da Constitución lle atribúe ao Estado, a lei límitase a establecer aquelas garantías e principios que deben ser observados por todas as autoridades públicas ante as que se pretendan exercer os dereitos de acceso á información, participación e acceso á xustiza en materia de ambiente, sen entrar a regular o procedemento para o seu exercicio. Pois na medida en que se recoñecen dereitos que contribúen a facer efectivos os dereitos, pero tamén os deberes, proclamados no artigo 45 da Constitución, constitúen unha ferramenta decisiva para reforzar a participación da sociedade civil no proceso político de toma de decisións, xa que a implantación dun modelo de desenvolvemento sustentable depende, en boa medida, da efectiva participación da sociedade civil no proceso político decisorio, de maneira que durante o debate se tivesen en conta as informacións e achegas que puidese realizar calquera persoa interesada e no resultado final sexan palpables e tanxibles as preocupacións e consideracións de carácter ambiental.

Esta idea, expresamente recollida na Declaración de Río de Janeiro sobre o Ambiente e o Desenvolvemento, cuxo principio número 10 establece que a mellor maneira de xestionar os asuntos ambientais é contar coa participación de todos os cidadáns, en contra a súa razón de ser última na necesidade de avanzar cara á transformación do modelo de desenvolvemento, baseada en formulacións democráticas que postulan a participación activa, real e efectiva da sociedade civil como única vía para, en primeiro lugar, lexitimar as decisións que se teñan que adoptar e, en segundo lugar, garantir o seu acerto e eficacia no terreo práctico.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto regular os seguintes dereitos:

a) A acceder á información ambiental que figure en poder das autoridades públicas ou no doutros suxeitos que a posúan no seu nome.

b) A participar nos procedementos para a toma de decisións sobre asuntos que incidan directa ou indirectamente no ambiente, e cuxa elaboración ou aprobación lles corresponda ás administracións públicas.

c) A instar a revisión administrativa e xudicial dos actos e omisións imputables a calquera das autoridades públicas que supoñan vulneracións da normativa ambiental.

2. Esta lei garante igualmente a difusión e posta á disposición do público da información ambiental, de maneira paulatina e co grao de amplitude, de sistemática e de tecnoloxía o máis ampla posible.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei entenderase por:

1. Público: calquera persoa física ou xurídica, así como as súas asociacións, organizacións e grupos constituídos consonte a normativa que lles sexa de aplicación.

2. Persoas interesadas:

a) Toda persoa física ou xurídica en que conorra calquera das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Calquera persoa xurídica sen ánimo de lucro que cumpra os requisitos establecidos no artigo 23 desta lei.

3. Información ambiental: toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre as seguintes cuestións:

a) O estado dos elementos do ambiente, como o aire e a atmosfera, a auga, o solo, a terra, as paisaxes e espazos naturais, incluídos as zonas húmidas e as zonas mariñas e costeiras, a diversidade biolóxica e os seus compoñentes, incluídos os organismos modificados xeneticamente; e a interacción entre estes elementos.

b) Os factores, tales como substancias, enerxía, ruído, radiacións ou residuos, incluídos os residuos radioactivos, emisións, verteduras e outras liberacións no medio, que afecten ou poidan afectar os elementos do ambiente citados na alínea a).

c) As medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas, acordos en materia de ambiente e actividades que afecten ou poidan afectar os elementos e factores citados nas alíneas a) e b), así como as actividades ou as medidas destinadas a protexer estes elementos.

d) Os informes sobre a execución da lexislación ambiental.

e) As análises da relación custo-beneficio e outras análises e supostos de carácter económico utilizados na toma de decisións relativas ás medidas e actividades citadas na alínea c), e

f) O estado da saúde e seguranza das persoas, incluída, se é o caso, a contaminación da cadea alimentaria, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións, cando se vexan ou poidan verse afectados polo estado dos elementos do ambiente citados na alínea a) ou, a través deses elementos, por calquera dos extremos citados nas alíneas b) e c).

4. Autoridades públicas:

1. Terán a condición de autoridade pública para os efectos desta lei:

a) O Goberno da Nación e os órganos de goberno das comunidades autónomas.

b) A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local e as entidades de dereito público que sexan dependentes ou estean vinculadas ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais.

c) Os órganos públicos consultivos.

d) As corporacións de dereito público e demais persoas físicas ou xurídicas cando exerzan, consonte a lexislación vixente, funcións públicas, incluídos notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles.

2. Terán a condición de autoridade pública, para os únicos efectos do previsto nos títulos I e II desta lei, as persoas físicas ou xurídicas cando asuman responsabilidades públicas, exerzan funcións públicas ou presten servizos públicos relacionados co medio baixo a autoridade de calquera das entidades, órganos ou institucións previstos no punto anterior.

3. Quedan excluídos do concepto de autoridade pública as entidades, órganos ou institucións cando actúen no exercicio de funcións lexislativas ou xudiciais. En todo caso, cando actúen no exercicio de funcións lexislativas ou

xudiciais, quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei as Cortes Xerais, as asembleas lexislativas das comunidades autónomas, o Tribunal Constitucional, os xulgados e tribunais que integran o poder xudicial, o Tribunal de Contas ou órganos de fiscalización externa das comunidades autónomas.

5. Información que figura en poder das autoridades públicas: información ambiental que as devanditas autoridades posúan e fose recibida ou elaborada por elas.

6. Información posuída en nome das autoridades públicas: información ambiental que consta fisicamente en poder dunha persoa xurídica ou física en nome dunha autoridade pública.

7. Solicitante: calquera persoa física ou xurídica, así como as súas asociacións, organizacións e grupos, que solicite información ambiental, requisito suficiente para adquirir, para os efectos do establecido no título II, a condición de interesado.

Artigo 3. *Dereitos en materia de ambiente.*

Para facer efectivos o dereito a un ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo, todos poderán exercer os seguintes dereitos nas súas relacións coas autoridades públicas, de acordo co previsto nesta lei e co establecido no artigo 7 do Código civil:

1) En relación co acceso á información:

a) A accederen á información ambiental que figure en poder das autoridades públicas ou no doutros suxeitos no seu nome, sen que para iso estean obrigados a declarar un interese determinado, calquera que sexa a súa nacionalidade, domicilio ou sede.

b) A seren informados dos dereitos que lles outorga a presente lei e a seren asesorados para o seu correcto exercicio.

c) A seren asistidos na súa busca de información.

d) A recibiren a información que soliciten nos prazos máximos establecidos no artigo 10.

e) A recibiren a información ambiental solicitada na forma ou formato elixidos, nos termos previstos no artigo 11.

f) A coñeceren os motivos polos cales non se lles facilita a información, total ou parcialmente, e tamén aqueles polos cales non se lles facilita a devandita información na forma ou formato solicitados.

g) A coñeceren a listaxe das taxas e prezos que, se é o caso, sexan exixibles para a recepción da información solicitada, así como as circunstancias en que se pode exixir ou dispensar o pagamento.

2) En relación coa participación pública:

a) A participaren de maneira efectiva e real na elaboración, modificación e revisión daqueles plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co ambiente incluídos no ámbito de aplicación desta lei.

b) A accederen con antelación suficiente á información relevante relativa aos referidos plans, programas e disposicións de carácter xeral.

c) A formularen alegacións e observacións cando estean mesmo abertas todas as opcións e antes de que se adopte a decisión sobre os mencionados plans, programas ou disposicións de carácter xeral e a que sexan tidas debidamente en conta pola Administración pública correspondente.

d) A que se faga público o resultado definitivo do procedemento en que participou e se informe dos motivos e consideracións en que se basea a decisión adoptada, incluíndo a información relativa ao proceso de participación pública.

e) A participaren de maneira efectiva e real, de acordo co disposto na lexislación aplicable, nos procedementos administrativos tramitados para o outorgamento das autorizacións reguladas na lexislación sobre prevención e control integrado da contaminación, para a concesión dos títulos administrativos regulados na lexislación en materia de organismos modificados xeneticamente, e para a emisión das declaracións de impacto ambiental reguladas na lexislación sobre avaliación de impacto ambiental, así como nos procesos planificadores previstos na lexislación de augas e na lexislación sobre avaliación dos efectos dos plans e programas no ambiente.

3) En relación co acceso á xustiza e á tutela administrativa:

a) A recorreren contra os actos e omisións imputables ás autoridades públicas que contraveñan os dereitos que esta lei recoñece en materia de información e de participación pública.

b) A exerceren a acción popular para recorrer contra os actos e omisións imputables ás autoridades públicas que constitúan vulneracións da lexislación ambiental nos termos previstos nesta lei.

4) Calquera outro que recoñeza a Constitución ou as leis.

Artigo 4. *Colaboración interadministrativa.*

As administracións públicas establecerán os mecanismos máis eficaces para un efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos nesta lei. Para tal efecto, axustarán as súas actuacións aos principios de información mutua, cooperación e colaboración.

TÍTULO II

Dereito de acceso á información ambiental

CAPÍTULO I

Obrigas das autoridades públicas en materia de información ambiental

Artigo 5. *Obrigas xerais en materia de información ambiental.*

1. As administracións públicas deberán realizar as seguintes actuacións:

a) Informaren o público de maneira adecuada sobre os dereitos que lles outorga a presente lei, así como das vías para exercer tales dereitos.

b) Facilitaren información para o seu correcto exercicio, así como consello e asesoramento na medida en que resulte posible.

c) Elaboraren listas de autoridades públicas en atención á información ambiental que figure no seu poder, as cales se farán publicamente accesibles. Para tal efecto, existirá polo menos unha lista unificada de autoridades públicas por cada Comunidade Autónoma.

d) Garantiren que o seu persoal asista o público cando trate de acceder á información ambiental.

e) Fomentaren o uso de tecnoloxías da información e das telecomunicacións para facilitar o acceso á información.

f) Garantiren o principio de axilidade na tramitación e resolución das solicitudes de información ambiental.

2. As autoridades públicas velarán por que, na medida das súas posibilidades, a información recollida

por elas ou a recollida no seu nome estea actualizada e sexa precisa e susceptible de comparación.

3. As autoridades públicas adoptarán cantas medidas sexan necesarias para facer efectivo o exercicio do dereito de acceso á información ambiental e, entre elas, polo menos algunha das que se sinala a continuación:

- a) Designación de unidades responsables de información ambiental.
- b) Creación e mantemento de medios de consulta da información solicitada.
- c) Creación de rexistros ou listas da información ambiental que figure en poder das autoridades públicas ou puntos de información, con indicacións claras sobre onde se pode encontrar a devandita información.

CAPÍTULO II

Difusión polas autoridades públicas da información ambiental

Artigo 6. *Obrigas específicas en materia de difusión de información ambiental.*

1. As autoridades públicas adoptarán as medidas oportunas para asegurar a paulatina difusión da información ambiental e a súa posta á disposición do público da maneira máis ampla e sistemática posible.

2. As autoridades públicas organizarán e actualizarán a información ambiental relevante para as súas funcións que figure no seu poder ou no doutra entidade no seu nome con vistas á súa difusión activa e sistemática ao público, particularmente por medio das tecnoloxías da información e as telecomunicacións sempre que se poida dispoñer delas.

3. As autoridades públicas adoptarán as medidas necesarias para garantir que a información ambiental se faga dispoñible paulatinamente en bases de datos electrónicas de fácil acceso ao público a través de redes públicas de telecomunicacións.

4. As obrigas relativas á difusión da información ambiental por medio das tecnoloxías da información e das telecomunicacións entenderanse cumpridas creando enlaces con enderezos electrónicos a través dos cales se poida acceder á devandita información.

5. A Administración xeral do Estado deberá manter actualizado un catálogo de normas e de resolucións xudiciais sobre aspectos claves da lei e farao publicamente accesible da maneira máis ampla e sistemática posible.

Artigo 7. *Contido mínimo da información obxecto de difusión.*

A información que se difunda será actualizada, se procede, e incluirá, como mínimo, os seguintes extremos:

1. Os textos de tratados, convenios e acordos internacionais e os textos lexislativos comunitarios, estatais, autonómicos ou locais sobre o ambiente ou relacionados coa materia.

2. As políticas, programas e plans relativos ao medio, así como as súas avaliacións ambientais cando proceda.

3. Os informes sobre os avances rexistrados en materia de aplicación dos elementos enumerados nos puntos 1 e 2 deste artigo cando estes fosen elaborados en formato electrónico ou mandados no devandito formato polas autoridades públicas.

4. Os informes sobre o estado do ambiente establecidos no artigo 8.

5. Os datos ou resumos dos datos derivados do seguimento das actividades que afecten ou poidan afectar o ambiente.

6. As autorizacións cun efecto significativo sobre o ambiente e os acordos en materia de ambiente. No seu defecto, a referencia ao lugar onde se pode solicitar ou encontrar a información de conformidade co disposto no artigo 5.

7. Os estudos sobre o impacto ambiental e avaliacións do risco relativos aos elementos do ambiente mencionados no artigo 2.3.a). No seu defecto, unha referencia ao lugar onde se pode solicitar ou encontrar a información de conformidade co disposto no artigo 5.

Artigo 8. *Informes sobre o estado do ambiente.*

As administracións públicas elaborarán e publicarán, como mínimo, cada ano un informe de conxuntura sobre o estado do ambiente e cada catro anos un informe completo. Estes informes serán de ámbito nacional e autonómico e, se é o caso, local, e incluirán datos sobre a calidade do ambiente e as presións que este sufra, así como un sumario non técnico que sexa comprensible para o público.

Artigo 9. *Ameaza inminente para a saúde humana ou o ambiente.*

1. En caso de ameaza inminente para a saúde humana ou para o ambiente ocasionada por actividades humanas ou por causas naturais, as administracións públicas difundirán inmediatamente e sen demora toda a información que figure en poder das autoridades públicas ou no doutros suxeitos no seu nome, de forma que lle permita ao público que poida resultar afectado adoptar as medidas necesarias para previr ou limitar os danos que puidesen derivar da devandita ameaza.

A información diferenciarase por razón de sexo cando este sexa un factor significativo para a saúde humana.

O anterior entenderase sen prexuízo de calquera obriga específica de informar derivada da lexislación vixente.

2. De conformidade co previsto no artigo 13, o disposto neste artigo non será de aplicación cando concorran causas de defensa nacional ou seguridade pública.

CAPÍTULO III

Acceso á información ambiental logo de solicitude

Artigo 10. *Solicitudes de información ambiental.*

1. As solicitudes de información ambiental deberán dirixirse á autoridade pública competente para resolver e tramitaranse de acordo cos procedementos que se establezan para o efecto.

Entenderase por autoridade pública competente para resolver unha solicitude de información ambiental aquela en cuxo poder figura a información solicitada, directamente ou a través doutros suxeitos que a posúan no seu nome.

2. Tales procedementos deberán respectar, polo menos, as garantías que se indican a continuación:

a) Cando unha solicitude de información ambiental estea formulada de maneira imprecisa, a autoridade pública pediralle ao solicitante que a concrete e asistiráo para concretar a súa petición de información o antes posible e, como moi tarde, antes de que expire o prazo establecido no punto 2.c).1.º

b) Cando a autoridade pública non posúa a información requirida remitirá a solicitude á que a posúa e daralle conta diso ao solicitante.

Cando iso non sexa posible, deberá informar directamente o solicitante sobre a autoridade pública a que,

segundo o seu coñecemento, ten que se dirixir para solicitar a devandita información.

c) A autoridade pública competente para resolver facilitará a información ambiental solicitada ou comunícalle ao solicitante os motivos da negativa a facilitala, tendo en conta o calendario especificado polo solicitante, o antes posible e, como moi tarde, nos prazos que se indican a continuación:

1.º No prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude no rexistro da autoridade pública competente para resolvela, con carácter xeral.

2.º No prazo de dous meses desde a recepción da solicitude no rexistro da autoridade pública competente para resolvela, se o volume e a complexidade da información son tales que resulta imposible cumprir o prazo antes indicado. Neste suposto deberase informar o solicitante, no prazo máximo dun mes, de toda ampliación daquel, así como das razóns que o xustifican.

No caso de comunicar unha negativa a facilitar a información, a notificación será por escrito ou electricamente, se a solicitude se fixo por escrito ou se o seu autor así o solicita. A notificación tamén informará sobre o procedemento de recurso previsto de conformidade co artigo 20.

Artigo 11. *Forma ou formato da información.*

1. Cando se solicite que a información ambiental sexa subministrada nunha forma ou formato determinados, a autoridade pública competente para resolver deberá satisfacer a solicitude a menos que conorra calquera das circunstancias que se indican a continuación:

a) Que a información xa fose difundida, de conformidade co disposto no capítulo I deste título, noutra forma ou formato a que o solicitante poida acceder facilmente. Neste caso, a autoridade pública competente informará o solicitante de onde pode acceder á devandita información, ou remitiráselle no formato dispoñible.

b) Que a autoridade pública considere razoable poñer á disposición do solicitante a información noutra forma ou formato e o xustifique adecuadamente.

2. Para estes efectos, as autoridades públicas procurarán conservar a información ambiental que figure no seu poder, ou no doutros suxeitos no seu nome, en formas ou formatos de fácil reprodución e acceso mediante telecomunicacións informáticas ou por outros medios electrónicos.

3. Cando a autoridade pública resolva non facilitar a información, parcial ou totalmente, na forma ou formato solicitados, deberalle comunicar ao solicitante os motivos da devandita negativa no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude no rexistro da autoridade pública competente para resolver, facéndolle saber a forma ou formatos en que, se é o caso, se podería facilitar a información solicitada e indicando os recursos que procedan contra a devandita negativa nos termos previstos no artigo 20.

Artigo 12. *Método utilizado na obtención da información.*

Na contestación ás solicitudes sobre a información ambiental relativa ás cuestións a que se refire o artigo 2.3.b), as autoridades públicas deberán informar, se así se solicita e sempre que estea dispoñible, do lugar onde se pode encontrar información sobre os seguintes extremos:

a) O método de medición, incluído o método de análise, de mostraxe e de tratamento previo das mostras, utilizado para obtención da devandita información, ou

b) A referencia ao procedemento normalizado empregado.

CAPÍTULO IV

Excepcións

Artigo 13. *Excepcións á obriga de facilitar a información ambiental.*

1. As autoridades públicas poderán denegar as solicitudes de información ambiental cando conorra calquera das circunstancias que se indican a continuación:

a) Que a información solicitada á autoridade pública non figure en poder desta ou no doutra entidade no seu nome, sen prexuízo do disposto no artigo 10.2.b).

b) Que a solicitude sexa manifestamente irrazoable.

c) Que a solicitude estea formulada de maneira excesivamente xeral, tendo en conta o disposto no artigo 10.2.a).

d) Que a solicitude se refira a material en curso de elaboración ou a documentos ou datos inconclusos. Por estes últimos entenderanse aqueles sobre os que a autoridade pública estea traballando activamente. Se a denegación se basea neste motivo, a autoridade pública competente deberá mencionar na denegación a autoridade que está preparando o material e informar o solicitante acerca do tempo previsto para terminar a súa elaboración.

e) Que a solicitude se refira a comunicacións internas, tendo en conta o interese público atendido pola revelación.

2. As solicitudes de información ambiental poderanse denegar se a revelación da información solicitada pode afectar negativamente a calquera dos extremos que se enumeran a continuación:

a) Á confidencialidade dos procedementos das autoridades públicas, cando tal confidencialidade estea prevista nunha norma con rango de lei.

b) Ás relacións internacionais, á defensa nacional ou á seguranza pública.

c) A causas ou asuntos suxeitos a procedemento xudicial ou en trámite ante os tribunais, ao dereito de tutela xudicial efectiva ou á capacidade para realizar unha investigación de índole penal ou disciplinaria. Cando a causa ou asunto estean suxeitos a procedemento xudicial ou en trámite ante os tribunais, deberá, en todo caso, identificarse o órgano xudicial ante o que se tramita.

d) Á confidencialidade de datos de carácter comercial e industrial, cando a devandita confidencialidade estea prevista nunha norma con rango de lei ou na normativa comunitaria, co fin de protexer intereses económicos lexítimos, incluído o interese público de manter a confidencialidade estatística e o segredo fiscal.

e) Aos dereitos de propiedade intelectual e industrial. Exceptúanse os supostos en que o titular consentise na súa divulgación.

f) Ao carácter confidencial dos datos persoais, tal e como se regulan na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sempre e cando a persoa interesada a quen lle concirnan non consentise no seu tratamento ou revelación.

g) Aos intereses ou á protección dun terceiro que facilitase voluntariamente a información solicitada sen estar obrigado a iso pola lexislación vixente. Exceptúanse os supostos en que a persoa consentise a súa divulgación.

h) Á protección do medio a que se refire a información solicitada. En particular, a que se refira á localización das especies ameazadas ou á dos seus lugares de reprodución.

3. As excepcións previstas nos puntos anteriores poderanse aplicar en relación coas obrigas de difusión establecidas no capítulo II deste título.

4. Os motivos de denegación mencionados neste artigo deberán interpretarse de maneira restritiva. Para iso, propórase en cada caso concreto o interese público atendido coa divulgación dunha información co interese atendido coa súa denegación.

5. As autoridades públicas non poderán en ningún caso ampararse nos motivos previstos no punto 2, alíneas a), d), f), g) e h) deste artigo, para denegar unha solicitude de información relativa a emisións no ambiente.

6. A negativa a facilitar a totalidade ou parte da información solicitada notificaráselle ao solicitante indicando os motivos da denegación nos prazos establecidos no artigo 10.2.c).

Artigo 14. *Subministración parcial da información.*

A información ambiental solicitada que figure en poder das autoridades públicas ou doutro suxeito no seu nome porase parcialmente á disposición do solicitante cando sexa posible separar do texto da información solicitada a información a que se refire o artigo 13, puntos 1.d), 1.e) e 2.

CAPÍTULO V

Ingresos de dereito público e privado

Artigo 15. *Ingresos de dereito público e privado.*

1. As autoridades públicas elaborarán, publicarán e porán á disposición dos solicitantes de información ambiental a listaxe das taxas e prezos públicos e privados que sexan de aplicación a tales solicitudes, así como os supostos en que non proceda pagamento ningún.

2. O acceso a calquera lista ou rexistro público creado e mantido tal como se indica no artigo 5 punto 1.c) e punto 3.c) serán gratuítos, así como o exame in situ da información solicitada.

TÍTULO III

Dereito de participación pública en asuntos de carácter ambiental

Artigo 16. *Participación do público na elaboración de determinados plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co ambiente.*

1. Para promover unha participación real e efectiva do público na elaboración, modificación e revisión dos plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co ambiente a que se refiren os artigos 17 e 18 desta lei, as administracións públicas, ao establecer ou tramitar os procedementos que resulten de aplicación, velarán por que, de conformidade co disposto no punto 2 do presente artigo:

a) Se informe o público, mediante avisos públicos ou outros medios apropiados, como os electrónicos, cando se dispoña deles, sobre calquera proposta de plans, programas ou disposicións de carácter xeral, ou, se é o caso, da súa modificación ou da súa revisión, e porque a información pertinente sobre as devanditas propostas sexa intelixible e se poña á disposición do público, incluída a relativa ao dereito á participación nos procesos decisórios e á Administración pública competente á cal se poden presentar comentarios ou formular alegacións.

b) O público teña dereito a expresar observacións e opinións cando estean abertas todas as posibilidades,

antes de que se adopten decisións sobre o plan, programa ou disposición de carácter xeral.

c) Ao adoptar esas decisións sexan debidamente tidos en conta os resultados da participación pública.

d) Unha vez examinadas as observacións e opinións expresadas polo público, informarase o público das decisións adoptadas e dos motivos e consideracións en que se baseen as devanditas decisións, incluíndo a información relativa ao proceso de participación pública.

2. As administracións públicas competentes determinarán, con antelación suficiente para que poida participar de maneira efectiva no proceso, qué membros do público teñen a condición de persoa interesada para participar nos procedementos a que se refire o punto anterior. Entenderase que teñen esa condición, en todo caso, as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 2.2 desta lei.

3. O previsto neste artigo non substitúe en ningún caso calquera outra disposición que amplíe os dereitos recoñecidos nesta lei.

Artigo 17. *Plans e programas relacionados co ambiente.*

1. As administracións públicas asegurarán que se observan as garantías en materia de participación establecidas no artigo 16 desta lei en relación coa elaboración, modificación e revisión dos plans e programas que versen sobre as materias seguintes:

- a) Residuos.
- b) Pilas e acumuladores.
- c) Nitratos.
- d) Envases e residuos de envases.
- e) Calidade do aire.
- f) Aqueloutras materias que estableza a normativa autonómica.

2. A participación do público en plans e programas en materia de augas, así como naquéloutras afectados pola lexislación sobre avaliación dos efectos dos plans e programas no ambiente, axustarase ao disposto na súa lexislación específica.

3. Quedan excluídos en todo caso do ámbito de aplicación desta lei os plans e programas que teñan como único obxectivo a defensa nacional ou a protección civil en casos de emerxencia.

Artigo 18. *Normas relacionadas co ambiente.*

1. As administracións públicas asegurarán que se observen as garantías en materia de participación establecidas no artigo 16 desta lei en relación coa elaboración, modificación e revisión das disposicións de carácter xeral que versen sobre as materias seguintes:

- a) Protección das augas.
- b) Protección contra o ruído.
- c) Protección dos solos.
- d) Contaminación atmosférica.
- e) Ordenación do territorio rural e urbano e utilización dos solos.
- f) Conservación da natureza, diversidade biolóxica.
- g) Montes e aproveitamentos forestais.
- h) Xestión dos residuos.
- i) Produtos químicos, incluídos os biocidas e os praguicidas.
- j) Biotecnoloxía.
- k) Outras emisións, verteduras e liberación de substancias no ambiente.

l) Avaliación de impacto ambiental.

m) Acceso á información, participación pública na toma de decisións e acceso á xustiza en materia de ambiente.

n) Aqueloutras materias que estableza a normativa autonómica.

2. A participación na elaboración, modificación e revisión das normas cuxo obxecto exclusivo sexa a prevención de riscos laborais axustarase ao disposto na súa normativa específica.

3. O disposto neste título non será de aplicación:

a) Aos procedementos administrativos de elaboración de disposicións de carácter xeral que teñan por obxecto a regulación de materias relacionadas exclusivamente coa defensa nacional, coa seguridade pública, coa protección civil en casos de emerxencia ou co salvamento da vida humana no mar.

b) Ás modificacións das disposicións de carácter xeral que non resulten substanciais polo seu carácter xerativo, procedemental ou análogo, sempre que non impliquen unha redución das medidas de protección do medio.

c) Aos procedementos de elaboración de disposicións de carácter xeral que teñan por único obxecto a aprobación de plans ou programas, que se axustarán ao establecido na súa normativa específica.

Artigo 19. *Consello Asesor de Medio Ambiente.*

1. O Consello Asesor de Medio Ambiente, adscrito para os efectos administrativos ao Ministerio de Medio Ambiente, é un órgano colexiado que ten por obxecto a participación e o seguimento das políticas ambientais xerais orientadas ao desenvolvemento sustentable.

2. Correspóndenlle ao Consello Asesor as seguintes funcións:

a) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei e proxectos de regulamento con incidencia ambiental e, en especial, sobre as cuestións que han de ostentar a condición de normativa básica.

b) Asesorar sobre os plans e programas de ámbito estatal que a presidencia do Consello lle propoña en razón da importancia da súa incidencia sobre o ambiente.

c) Emitir informes e efectuar propostas en materia ambiental, por iniciativa propia ou por pedimento dos departamentos ministeriais que así llo soliciten á presidencia do Consello.

As administracións das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local poderanlle, igualmente, solicitar á presidencia do Consello que este emita informes sobre materias da súa competencia relativas ao ambiente.

d) Propoñer medidas que incentiven a creación de emprego ligado a actividades relacionadas coa protección do ambiente, así como a participación cidadá na solución dos problemas ambientais.

e) Propoñer medidas de educación ambiental que teñan como obxectivo informar, orientar e sensibilizar a sociedade dos valores ecolóxicos e ambientais.

f) Propoñer as medidas que considere oportunas para o mellor cumprimento dos acordos internacionais en materia de ambiente e desenvolvemento sustentable, valorando a efectividade das normas e programas en vigor e propoñendo, se é o caso, as oportunas modificacións.

g) Impulsar a coordinación entre a iniciativa pública e privada en materia de ambiente.

h) Fomentar a colaboración con órganos similares creados polas comunidades autónomas.

3. O Consello Asesor de Medio Ambiente estará presidido polo ministro de Medio Ambiente e integraranos os seguintes membros:

a) Unha persoa en representación de cada unha das organizacións non gobernamentais cuxo obxecto é a defensa do medio e o desenvolvemento sustentable, que se enumeran no anexo.

b) Unha persoa en representación de cada unha das organizacións sindicais máis representativas, de acordo co disposto nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

c) Dúas persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas, designadas por elas en proporción á súa representatividade, de acordo co establecido na disposición adicional sexta do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Dúas persoas en representación das organizacións de consumidores e usuarios, designados por iniciativa do Consello de Consumidores e Usuarios.

e) Tres persoas en representación das organizacións profesionais agrarias máis representativas no ámbito estatal.

f) Unha persoa en representación da Federación Nacional de Confrarías de Pescadores.

Para cada un dos membros do Consello Asesor designarase un suplente. Actuará como suplente do presidente o subsecretario de Medio Ambiente. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario do Ministerio de Medio Ambiente.

4. Os membros do Consello Asesor e os seus suplentes serán nomeados polo ministro de Medio Ambiente, por proposta, se é o caso, das entidades e organizacións referidas no punto 3. O nomeamento dos membros electivos do Consello e dos suplentes será por un período de dous anos, que poderá ser renovado por períodos iguais.

Os membros do consello asesor cesarán por proposta das organizacións ou entidades que propuxeron o seu nomeamento.

5. O Goberno desenvolverá mediante real decreto a estrutura e funcións do Consello Asesor de Medio Ambiente.

TÍTULO IV

Acceso á xustiza e á tutela administrativa en asuntos ambientais

Artigo 20. *Recursos.*

O público que considere que un acto ou, se é o caso, unha omisión imputable a unha autoridade pública vulnerou os dereitos que lle recoñece esta lei en materia de información e participación pública poderá interpoñer os recursos administrativos regulados no título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa aplicable, e, se é o caso, o recurso contencioso-administrativo previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 21. *Reclamacións e execución forzosa.*

1. O público que considere que un acto ou omisión imputable a calquera das persoas a que se refire o artigo 2.4.2 vulnerou os dereitos que lle recoñece esta lei poderá interpoñer directamente unha reclamación ante a Administración pública baixo cuxa autoridade exerce a súa actividade. A Administración competente deberá ditar e notificar a resolución correspondente, a cal esgotará a vía administrativa e será directamente executiva, no prazo

que determine a normativa autonómica, ou a disposición adicional décima, segundo proceda.

2. En caso de incumprimento da resolución, a Administración pública requirirá a persoa obxecto da reclamación, de oficio ou por instancia do solicitante, para que a cumpra nos seus propios termos. Se o requirimento fose desatendido, a Administración pública poderá acordar a imposición de multas coercitivas polo importe que determine a normativa autonómica, ou a disposición adicional décima, segundo proceda.

3. A contía das multas coercitivas a que fai referencia o punto anterior calcularase atendendo o interese público da pretensión exercida.

Artigo 22. *Acción popular en asuntos ambientais.*

Os actos e, se é o caso, as omisións imputables ás autoridades públicas que vulneren as normas relacionadas co medio enumeradas no artigo 18.1 poderán ser obxecto de recurso por calquera persoa xurídica sen ánimo de lucro que reúna os requisitos establecidos no artigo 23 a través dos procedementos de recurso regulados no título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a través do recurso contencioso-administrativo previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Exceptúanse os actos e omisións imputables ás autoridades públicas enumeradas no artigo 2.4.2.

Artigo 23. *Lexitimación.*

1. Está lexitimada para exercer a acción popular regulada no artigo 22 calquera persoa xurídica sen ánimo de lucro que acredite o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que teña entre os fins acreditados nos seus estatutos a protección do medio en xeral ou a dalgún dos seus elementos en particular.

b) Que se constituíse legalmente ao menos dous anos antes do exercicio da acción e que veña exercendo de modo activo as actividades necesarias para acadar os fins previstos nos seus estatutos.

c) Que segundo os seus estatutos desenvolvan a súa actividade nun ámbito territorial que resulte afectado pola actuación, ou se é o caso, omisión administrativa.

2. As persoas xurídicas sen ánimo de lucro a que se refire o punto anterior terán dereito á asistencia xurídica gratuita nos termos previstos na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita.

Disposición adicional primeira. *Taxa por subministración de información ambiental para a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.*

1. Créase a taxa pola subministración de información ambiental que se rexerá pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Constitúe o feito impoñible da taxa a reprodución e envío de documentos pola Administración xeral do Estado ou polos seus organismos públicos, en calquera soporte material, con información ambiental dispoñible en fondos documentais da Administración xeral do Estado, cando a solicitude da devandita actividade non sexa voluntaria ou non sexa prestada ou realizada polo sector privado.

Non estarán suxeitos á taxa o exame in situ da información solicitada e o acceso a calquera lista ou rexistro

creado e mantido nos termos previstos no artigo 5.3.c) desta lei.

3. A taxa devengarase no momento da solicitude da subministración da información ambiental, a cal non se tramitará ata que non se acredite o aboamento que resulte exixible.

Cando no momento da solicitude a contía exixible non se poida determinar, exixirase un depósito previo que terá carácter estimativo a reserva da liquidación que se practique, sen prexuízo da devolución do depósito constituído nos supostos previstos no punto seguinte.

4. Procederá a devolución do importe da taxa ou do depósito previo constituído, cando non se realice o feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo.

5. Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten a subministración da información ambiental que constitúe o feito impoñible.

6. Exencións.

a) Exencións subxectivas.

Estarán exentos do pagamento da taxa as subministracións de información ambiental realizadas entre entidades e órganos pertencentes á Administración xeral do Estado, así como as efectuadas a entidades e órganos doutras administracións públicas, excepción feita das entidades que integran a Administración corporativa.

b) Exencións obxectivas.

Estarán exentos do pagamento da taxa:

1.º As entregas de copias de menos de 20 páxinas de formato DIN A4.

2.º O envío de información por vía telemática.

7. Contías.

a) Considéranse elementos de cuantificación do importe da taxa os seguintes:

1.º O custo dos materiais utilizados como soporte da información que se vaia subministrar.

2.º O custo do envío da información solicitada.

b) O establecemento e modificación das contías resultantes da aplicación dos elementos de cuantificación anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial que deberá ir acompañada dunha memoria económico-financeira nos termos previstos no artigo 20.1 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

8. O pagamento da taxa realizarase mediante ingreso en efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda, séndolle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

A xestión da taxa en período voluntario levarano a cabo os órganos que determine a normativa regulamentaria que se dite en desenvolvemento desta lei.

Disposición adicional segunda. *Taxa por subministración de información ambiental para a Administración local.*

As entidades locais poderán establecer taxas pola subministración de información ambiental, que se rexerán polo disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e, no que se refire ao seu feito impoñible e supostos de non suxeición e exención, polo previsto na disposición adicional primeira desta lei. Todo iso sen prexuízo das dos réximes financeiros forais dos Territorios Históricos do País Vasco e Navarra.

Disposición adicional terceira. *Prezos privados.*

1. Cando as autoridades públicas divulguen información ambiental a título comercial poderase percibir un prezo conforme a valores de mercado, sempre que iso sexa necesario para asegurar a continuidade dos traballos de recompilación e publicación da devandita información.

2. Tales prezos poderán ser igualmente percibidos por entidades ou organismos públicos que actúen segundo normas de dereito privado ao abeiro do previsto no artigo 2.c) da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Disposición adicional cuarta. *Procedemento aplicable á Administración xeral do Estado.*

A Administración xeral do Estado poderá reservar para si a facultade de resolver as solicitudes de información ambiental que reciban as autoridades públicas a que se refire o artigo 2.4.2 cando tales persoas asuman responsabilidades públicas, exerzan funcións públicas ou presten servizos públicos relacionados co medio baixo a súa autoridade.

Disposición adicional quinta. *Plans e programas relacionados co medio de competencia da Administración xeral do Estado.*

A elaboración, modificación e revisión dos plans e programas previstos no artigo 17 desta lei que sexan competencia da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos someteranse na súa tramitación ao procedemento regulado pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Disposición adicional sexta. *Colaboración interadministrativa.*

O Goberno, no marco dos programas do Ministerio de Administracións Públicas para o fomento das tecnoloxías de información e comunicación, proporá no prazo de seis meses fórmulas de colaboración entre administracións que faciliten a aplicación da lei.

Disposición adicional sétima. *Convenio de colaboración para a constitución de puntos de información dixitalizada.*

Co fin de cumprir coas obrigas en materia de información ambiental establecidas nesta lei, a Administración xeral do Estado poderá promover a celebración de convenios de colaboración co sector empresarial e con outras organizacións para establecer puntos de información dixitalizada.

Disposición adicional oitava. *Información sobre a aplicación da Lei en materia de acceso á información ambiental.*

As administracións públicas elaborarán e publicarán información periódica de carácter estatístico sobre as solicitudes de información ambiental recibidas, así como información sobre a experiencia adquirida na aplicación desta lei, garantindo en todo caso a confidencialidade dos solicitantes.

Para este cometido, así como para o adecuado cumprimento das obrigas internacionais do Estado, as diferentes administracións públicas colaborarán e intercambiarán a información que resulte necesaria.

Disposición adicional novena. *Rexistros telemáticos.*

Os rexistros telemáticos da Administración xeral do Estado deberán incluír entre os seus procedementos telemáticos os relativos á resolución de solicitudes de información ambiental.

Disposición adicional décima. *Reclamacións administrativas formuladas ante a Administración xeral do Estado ao abeiro do artigo 21.*

1. A Administración xeral do Estado deberá ditar e notificar a resolución correspondente á reclamación a que se refire o artigo 21 no prazo máximo de tres meses.

2. No ámbito da Administración xeral do Estado, o importe das multas coercitivas a que se refire o artigo 21 non excederá de 6.000 euros por cada día que transcorra sen cumprir.

Disposición adicional undécima. *Plan de formación no marco da Administración xeral do Estado.*

A Administración xeral do Estado porá en marcha, nun prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, un plan de formación específico tendente a sensibilizar o persoal ao seu servizo respecto dos dereitos e as obrigas previstos nesta lei.

Disposición adicional duodécima. *Difusión de información ambiental por operadores económicos.*

As administracións públicas promoverán que os operadores económicos, cando non estean legalmente obrigados a iso, informen periodicamente o público sobre aquelas das súas actividades ou produtos que teñan ou poidan ter efectos significativos sobre o ambiente.

Disposición transitoria única. *Difusión da información ambiental dispoñible en soporte electrónico, en data previa á entrada en vigor desta lei.*

A información a que se refire o artigo 7 deberá incluír os datos recollidos desde o 14 de xaneiro de 2003. Os datos anteriores á devandita data soamente se incluírán cando xa existisen en forma electrónica.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei 38/1995, do 12 de decembro, sobre o dereito de acceso á información en materia de ambiente, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.*

O Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, modifícase nos seguintes termos:

Un. Introdúcese un novo artigo 1 bis:

«Artigo 1. Bis.

Para os efectos do previsto nesta lei entenderase por:

1. Público: calquera persoa física ou xurídica, así como as súas asociacións, organizacións e grupos constituídos consonte a normativa que lle sexa de aplicación.

2. Persoas interesadas:

a) Todos aqueles en quen concorra calquera das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Calquera persoa xurídica sen ánimo de lucro que cumpra os seguintes requisitos:

1.º Que teña entre os fins acreditados nos seus estatutos a protección do ambiente en xeral ou a dalgún dos seus elementos en particular, e que tales fins poidan resultar afectados polo procedemento de avaliación de impacto ambiental.

2.º Que leve dous anos legalmente constituída e veña exercendo de modo activo as actividades necesarias para acadar os fins previstos nos seus estatutos.

3.º Que segundo os seus estatutos desenvolva a súa actividade nun ámbito territorial que resulte afectado polo proxecto que se deba someter á avaliación de impacto ambiental.»

Dous. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3.

1. As administracións públicas promoverán e asegurarán a participación das persoas interesadas na tramitación dos procedementos de autorización de proxectos que se deban someter á avaliación de impacto ambiental e adoptarán as medidas previstas neste real decreto lexislativo para garantir que tal participación sexa real e efectiva.

Para tal efecto, o órgano substantivo someterá o estudo de impacto ambiental a que se refire o artigo 2 dentro do procedemento aplicable para a autorización ou realización do proxecto a que corresponda, e conxuntamente con este, ao trámite de información pública e demais informes que nel se establezan. Este trámite evacuarase naquelas fases do procedemento en que estean aínda abertas todas as opcións relativas á determinación do contido, a extensión e a definición do proxecto suxeito a autorización e sometido á avaliación de impacto e terá unha duración non inferior a 30 días.

Este trámite de información pública tamén deberá ser evacuado polo órgano substantivo en relación cos proxectos que requiran a autorización ambiental integrada segundo o disposto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integridades da contaminación.

2. Durante a evacuación do trámite de información pública, o órgano substantivo informará o público dos aspectos relevantes relacionados co procedemento de autorización do proxecto e, en concreto, dos seguintes aspectos:

a) A solicitude de autorización do proxecto.

b) O feito de que o proxecto está suxeito a un procedemento de avaliación de impacto ambiental, así como de que, se é o caso, pode resultar de aplicación o previsto no artigo 6 en materia de consultas transfronteirizas.

c) Identificación do órgano competente para resolver o procedemento, daqueles de que se poida obter información pertinente e daqueles a que se poidan presentar observacións, alegacións e consultas, así como do prazo dispoñible para a súa presentación.

d) Natureza das decisións ou, se é o caso, dos borradores ou proxecto de decisións que se vaian adoptar.

e) Indicación da dispoñibilidade da información recollida consonte o artigo 2 desta lei e da data e lugar ou lugares en que se porá á disposición do público tal información.

f) Identificación das modalidades de participación.

3. Simultaneamente, o órgano substantivo consultará as administracións públicas afectadas que fosen previamente consultadas en relación coa definición da amplitude e o nivel de detalle do estudo de impacto ambiental e proporcionaralles a seguinte información, a cal, ademais, será posta á disposición das persoas interesadas:

a) Toda información recollida en virtude do artigo 2 deste real decreto lexislativo.

b) Toda a documentación relevante recibida polo órgano substantivo con anterioridade á evacuación do trámite de información pública.

O órgano substantivo informará as persoas interesadas e as administracións públicas afectadas do dereito a participar no correspondente procedemento e do momento en que poden exercer tal dereito. A notificación indicará a autoridade competente a que se deben remitir as observacións e alegacións en que se concrete tal participación e o prazo en que deberán ser remitidas. Este prazo non será inferior a 30 días.

4. Así mesmo, o órgano substantivo porá á disposición das persoas interesadas e das administracións públicas afectadas aquela outra información distinta da prevista no punto 3 que soamente se poida obter unha vez expirado o trámite de información pública e que resulte relevante para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

5. Os resultados das consultas e da información pública deberán ser tomadas en consideración polo promotor no seu proxecto, así como polo órgano substantivo na autorización del.»

Tres. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6.

1. Cando se considere que a execución dun proxecto poida ter efectos significativos sobre o ambiente doutro Estado membro da Unión Europea, ou cando un Estado membro que se poida ver significativamente afectado o solicite, o órgano ambiental que deba formular a declaración de impacto ambiental, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, comunicaralle ao devandito Estado a posibilidade de abrir un período de consultas bilaterais para estudar tales efectos, así como as medidas que, se é o caso, se poidan acordar para suprimilos ou reducilos. Con tal finalidade, facilitaráselle ao Estado membro en cuestión unha descrición do proxecto, xunto con toda a información relevante sobre os seus posibles efectos transfronteirizos e demais información derivada da tramitación do procedemento con anterioridade á autorización do proxecto.

2. Se o Estado membro manifestase a súa vontade de abrir o devandito período de consultas, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo de consulta ao órgano ambiental que deba formular a declaración de impacto ambiental, negociará coas autoridades competentes do devandito Estado o calendario razoable de reunións e trámites a que se deberán axustar as consultas e as medidas que deban ser adoptadas para garantir que as autoridades ambientais e as persoas interesadas do devandito Estado, na medida en que poida resultar

significativamente afectado, teñan ocasión de manifestar a súa opinión sobre o proxecto con anterioridade á súa autorización.

3. A delegación do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación responsable da negociación incluíra, polo menos, un representante da Administración pública competente para a autorización do proxecto, así como do órgano ambiental correspondente, e en calquera caso unha representación da Administración autonómica en cuxo territorio se vaia executar o devandito proxecto.

4. O procedemento de consulta transfronteiriza iniciárase mediante comunicación do órgano da Administración pública competente para a autorización do proxecto dirixida ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, acompañada da documentación a que se refire o punto 1. Igualmente, xuntárase unha memoria sucinta elaborada polo promotor, en que se exporá de maneira motivada os fundamentos de feito e de dereito que xustifican a necesidade de poñer en coñecemento doutro Estado membro o proxecto de que se trate. Na comunicación identificarase os representantes das administracións públicas que, se é o caso, se teñan que integrar na delegación do citado ministerio.

5. Se a apertura do período de consultas transfronteirizas fose promovida pola autoridade do Estado membro susceptible de ser afectado pola execución do proxecto, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación porao en coñecemento da Administración pública competente para a autorización do proxecto e solicitaralle a remisión da documentación a que se refire o punto anterior, co fin de iniciar o procedemento de consulta transfronteiriza.

6. Os prazos previstos na normativa reguladora do procedemento de autorización do proxecto quedarán suspendidos ata que conclúa o procedemento de consultas transfronteirizas.

7. Cando un Estado membro da Unión Europea comunique que no seu territorio está prevista a execución dun proxecto que pode ter efectos significativos sobre o ambiente no Estado español, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación porao en coñecemento do Ministerio de Medio Ambiente, o cal, coa participación dos órganos ambientais das comunidades autónomas afectadas, actuará como órgano ambiental nas consultas bilaterais que se fagan para estudar tales efectos, así como as medidas que, se é o caso, se poidan acordar para suprimilos ou reducilos.

O órgano ambiental garantirá que as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas son consultadas de acordo co establecido no artigo 3. Para estes efectos, definirá os termos en que se evacuará o trámite de consultas en colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas pola execución do proxecto promovido por outro Estado membro da Unión Europea.»

Catro. A disposición adicional primeira queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional primeira.

O presente real decreto legislativo non será de aplicación aos proxectos relacionados cos obxectivos da defensa nacional cando tal aplicación puidese ter repercusións negativas sobre tales necesidades. Tampouco será de aplicación aos proxectos aprobados especificamente por unha lei do Estado.»

Cinco. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional segunda.

O Consello de Ministros, no ámbito da Administración xeral do Estado e o órgano que determine a lexislación de cada Comunidade Autónoma nos seus respectivos ámbitos de competencias, poderán, en supostos excepcionais e mediante acordo motivado, excluír un proxecto determinado do trámite de avaliación de impacto.

En tales casos, examínase a conveniencia de someter o proxecto excluído a outra forma de avaliación. O acordo de exclusión e os motivos que o xustifican publicaranse no BOE ou no diario oficial correspondente e porase á disposición das persoas interesadas a seguinte información:

a) A decisión de exclusión e os motivos que a xustifican.

b) A información relativa ao exame sobre as formas alternativas de avaliación do proxecto excluído.»

Seis. Engádese un novo punto e) no grupo 9 «Outros proxectos» do anexo I co seguinte contido:

«e) Calquera modificación ou extensión dun proxecto consignado no presente anexo, cando a devandita modificación ou extensión cumpre, por si soa, os posibles limiares establecidos no presente anexo.»

Sete. Engádese un novo punto 4.º no punto a) do grupo 3 «industria extractiva» do anexo II co seguinte contido:

«4.º Perforacións petrolíferas.»

Oito. O punto k) do grupo 9 do anexo II queda redactado como segue:

«k) Calquera cambio ou ampliación dos proxectos que figuran nos anexos I e II, xa autorizados, executados ou en proceso de execución (modificación ou extensión non recollidas no anexo I) que poidan ter efectos adversos significativos sobre o ambiente, é dicir, cando se produza algunha das incidencias seguintes:

1.ª Incremento significativo das emisións á atmosfera.

2.ª Incremento significativo das verteduras a leitos públicos ou ao litoral.

3.ª Incremento significativo da xeración de residuos.

4.ª Incremento significativo na utilización de recursos naturais.

5.ª Afección a áreas de especial protección designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE ou a zonas húmidas incluídoas na lista do Convenio Ramsar.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, sobre prevención e control integrados da contaminación.*

A Lei 16/2002, do 1 de xullo, sobre prevención e control integrados da contaminación, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádense as seguintes definicións ao artigo 3:

«o) Público: calquera persoa física ou xurídica, así como as súas asociacións, organizacións e grupos constituídos consonte a normativa que lles sexa de aplicación.»

p) Persoas interesadas:

a) Todos aqueles en que concorran calquera das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Calquera persoa xurídica sen ánimo de lucro que cumpra os seguintes requisitos:

1.º Que teña entre os fins acreditados nos seus estatutos a protección do ambiente en xeral ou a dalgún dos seus elementos en particular, e que tales fins poidan resultar afectados pola toma dunha decisión sobre a concesión ou actualización da autorización ambiental integrada ou das súas condicións.

2.º Que leve dous anos legalmente constituída e veña exercendo de modo activo as actividades necesarias para acadar os fins previstos nos seus estatutos.

3.º Que segundo os seus estatutos desenvolva a súa actividade nun ámbito territorial que resulte afectado pola instalación para a que se solicita a autorización ambiental integrada.»

Dous. O artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Tramitación.*

En todos aqueles aspectos non regulados nesta lei, o procedemento para outorgar a autorización ambiental integrada axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As administracións públicas promoverán a participación real e efectiva das persoas interesadas nos procedementos para a concesión da autorización ambiental integrada de novas instalacións ou aquelas que realicen calquera cambio substancial na instalación e nos procedementos para a renovación ou modificación da autorización ambiental integrada dunha instalación consonte o disposto nos artigos 25 e 26.

As administracións públicas garantirán que a participación a que se refire o punto anterior teña lugar desde as fases iniciais dos respectivos procedementos. Para tal efecto, serán aplicables a tales procedementos as previsións en materia de participación establecidas no anexo 5.»

Tres. Engádesse un novo punto 4 ao artigo 23:

«4. As comunidades autónomas farán públicas as resolucións administrativas mediante as que se outorgasen ou modificasen as autorizacións ambientais integradas e porán á disposición do público a seguinte información:

a) O contido da decisión, incluídas unha copia da autorización ambiental integrada e de calquera condición e actualización posterior.

b) Unha memoria en que se recollan os principais motivos e consideracións en que se basea a resolución administrativa, con indicación dos motivos e consideracións en que se basea tal decisión, incluíndo a información relativa ao proceso de participación pública.»

Catro. O artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 27. *Actividades con efectos transfronteirizos.*

1. Cando se coide que o funcionamento da instalación para a que se solicita a autorización ambiental integrada puidese ter efectos negativos significa-

tivos sobre o ambiente doutro Estado membro da Unión Europea, ou cando un Estado membro que poida verse significativamente afectado o solicite, o órgano competente da Comunidade Autónoma, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, comunicaralle ao devandito Estado a posibilidade de abrir un período de consultas bilaterais para estudar tales efectos, así como as medidas que, se é o caso, poidan acordarse para suprimilos ou reducilos. Con tal finalidade e con anterioridade á resolución da solicitude, facilitaráselle ao Estado membro en cuestión unha copia da solicitude e canta información resulte relevante consonte o establecido no anexo 5.

2. Se o Estado membro manifestase a súa vontade de abrir o devandito período de consultas, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo de consulta ao órgano competente da Comunidade Autónoma, negociará coas autoridades competentes do devandito Estado o calendario razoable de reunións e trámites a que deberán axustarse as consultas e as medidas que deban ser adoptadas para garantir que as autoridades ambientais e as persoas interesadas do devandito Estado, na medida en que poida resultar significativamente afectado, teñan ocasión de manifestar a súa opinión sobre a instalación para a que se solicita a autorización ambiental integrada.

3. A delegación do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación responsable da negociación incluírá, polo menos, un representante da Comunidade Autónoma competente para resolver a solicitude de autorización.

4. O procedemento de consulta transfronteiriza iniciarase mediante comunicación do órgano competente da Comunidade Autónoma dirixida ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, acompañada da documentación a que se refire o punto 1. Igualmente, xuntarase unha memoria sucinta en que se exporá de maneira motivada os fundamentos de feito e de dereito que xustifican a necesidade de poñer en coñecemento doutro Estado membro a solicitude de autorización ambiental de que se trate e en que se identifiquen os representantes da Comunidade Autónoma competente que, se é o caso, teñan que se integrar na delegación do citado ministerio.

5. Se a apertura do período de consultas transfronteirizas fose promovida pola autoridade do Estado membro susceptible de ser afectado polo funcionamento da instalación para a que se solicita a autorización ambiental integrada, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación porao en coñecemento do órgano competente da Comunidade Autónoma e solicitaráselle a remisión da documentación a que se refire o punto anterior, co fin de iniciar o procedemento de consulta transfronteiriza.

6. Os prazos previstos na normativa reguladora do procedemento de concesión da autorización ambiental integrada quedarán suspendidos ata que conclúa o procedemento de consultas transfronteirizas. Os resultados das consultas deberán ser tidos debidamente en conta polo órgano competente da Comunidade Autónoma á hora de resolver a solicitude de autorización ambiental integrada, a cal lles será formalmente comunicada polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación ás autoridades do Estado Membro que participasen nas consultas transfronteirizas.

7. Cando un Estado membro da Unión Europea comunique que no seu territorio se solicitou unha autorización ambiental integrada para unha instalación cuxo funcionamento pode ter efectos negativos

significativos sobre o ambiente no Estado español, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación porao en coñecemento do Ministerio de Medio Ambiente, o cal, coa participación dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, actuará como órgano ambiental nas consultas bilaterais que se fagan para estudar tales efectos, así como as medidas que, se é o caso, se poidan acordar para suprimilos ou reducilos.

O Ministerio de Medio Ambiente garantirá que as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas son consultados de acordo co establecido no artigo 14 e no anexo V. Para estes efectos, definirá os termos en que se realizará o trámite de consultas en colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas pola instalación para a que se solicita a autorización ambiental integrada noutro Estado membro da Unión Europea.»

Cinco. A disposición transitoria segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria segunda:

Aos procedementos de autorización xa iniciados antes da entrada en vigor desta lei non lles será de aplicación, rexéndose pola lexislación aplicable, nos termos establecidos no artigo 3.d).

Nestes casos, e sen prexuízo do réxime previsto nesta lei para as modificacións substanciais, unha vez outorgada as autorizacións serán renovadas nos prazos previstos na lexislación sectorial aplicable e, en todo caso, ao cabo de cinco anos, cumprindo co establecido nesta lei para as instalacións existentes.»

Seis. As categorías 4.1 e 9.3 do anexo 1 quedan redactadas do seguinte modo:

«Categoría 4.1:

Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos orgánicos de base, en particular:

b) hidrocarburos oxixenados, tales como alcohois, aldehídos, cetonas, ácidos orgánicos, ésteres, acetatos, éteres, peróxidos, resinas epoxi;

Categoría 9.3:

Instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos que dispoñan de máis de:

a) 40.000 prazas se se trata de galiñas poñedoras ou do número equivalente para outras orientacións produtivas de aves.

b) 2.000 prazas para porcos de ceba de máis de 30 kg.

c) 2.500 prazas para porcos de ceba de máis de 20 kg.

750 prazas para porcas reprodutoras.

530 prazas para porcas en ciclo cerrado.

d) No caso de explotacións mixtas, en que coexistan animais das alíneas b) e c) desta categoría 9.3, o número de animais para determinar a inclusión da instalación neste anexo determinarase de acordo coas equivalencias en Unidade Gandeira Maior (UGM) dos distintos tipos de gando porcino, recollidas no anexo I do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.»

Sete. Engádesse un novo anexo 5:

«Anexo 5: Participación do público na toma de decisións.

1. O órgano competente da Comunidade Autónoma informará o público naquelas fases iniciais do

procedemento, sempre previas á toma dunha decisión ou, como moi tarde, en canto sexa razoablemente posible facilitar a información sobre os seguintes extremos:

a) A solicitude da autorización ambiental integrada ou, se é o caso, da renovación ou modificación do contido daquela, de conformidade co disposto no punto 4 do artigo 16.

b) Se é o caso, o feito de que a resolución da solicitude está suxeita a unha avaliación de impacto ambiental, nacional ou transfronteiriza, ou a consultas entre os estados membros de conformidade co previsto no artigo 27.

c) A identificación dos órganos competentes para resolver, daqueles de que poida obterse información pertinente e daqueles a que poidan remitirse observacións ou formularse preguntas, con expresa indicación do prazo de que se dispón para iso.

d) A natureza xurídica da resolución da solicitude ou, se é o caso, da proposta de resolución.

e) Se é o caso, os detalles relativos á renovación ou modificación da autorización ambiental integrada.

f) As datas e o lugar ou lugares en que se facilitará a información pertinente, así como os medios empregados para iso.

g) As modalidades de participación do público e de consulta ao público definidas consonte o punto 5.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas asegurarán que, dentro duns prazos adecuados, se poñan á disposición das persoas interesadas os seguintes datos:

a) De conformidade coa lexislación nacional, os principais informes e ditames remitidos á autoridade ou autoridades competentes no momento en que se deba informar as persoas interesadas conforme o previsto no punto 1.

b) De conformidade co disposto na lexislación reguladora dos dereitos de acceso á información e de participación pública en materia de ambiente, toda información distinta á referida no punto 1 que resulte pertinente para resolver a solicitude, de acordo co disposto no artigo 8, e que soamente se poida obter unha vez expirado o período de información ás persoas interesadas regulado no punto 1.

3. As persoas interesadas terán dereito a poñer de manifesto ao órgano competente cantas observacións e opinións considere oportunas antes de que se resolva a solicitude.

4. Os resultados das consultas celebradas consonte o presente anexo deberán ser tidos en conta debidamente polo órgano competente á hora de resolver a solicitude.

5. O órgano competente da Comunidade Autónoma para outorgar a autorización ambiental integrada determinará as modalidades de información ao público e de consulta ás persoas interesadas. En todo caso, estableceranse prazos razoables para as distintas fases que concedan tempo suficiente para informar o público e para que as persoas interesadas se preparen e participen efectivamente no proceso de toma de decisións sobre ambiente consonte o disposto no presente anexo.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Esta lei ten carácter de lexislación básica ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución. Exceptúanse do anterior os seguintes artigos:

1. O artigo 19 e as disposicións adicionais terceira, cuarta, quinta, sétima e oitava, que serán unicamente de aplicación á Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos.

2. O artigo 15 e as disposicións adicionais primeira e segunda, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución.

3. As disposicións dos artigos 20 a 23, que no relativo a recursos en vía administrativa se ditan ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución e no relativo a recursos en vía contencioso-administrativa ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Por medio desta lei desenvólvense determinados dereitos e obrigas recoñecidos no convenio sobre acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, feito en Aarhus, Dinamarca, o 25 de xuño de 1998; e adáptase o ordenamento xurídico vixente ás disposicións contidas na Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e na Directiva 2003/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co ambiente e pola que se modifican, no que se refire á participación do público e o acceso á xustiza, as directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello.

Disposición derradeira quinta. *Texto refundido de avaliación de impacto ambiental.*

O Goberno elaborará e aprobará no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei un texto refundido en que se regularicen, aclaren e harmonicen as disposicións legais vixentes en materia de avaliación de impacto ambiental.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario do artigo 16 no ámbito da Administración xeral do Estado.*

O Goberno, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, aprobará un regulamento que desenvolva os contidos regulados no artigo 16, relativos á participación do público nos procedementos de elaboración de normas que versen sobre as materias a que se refire o artigo 18 e que sexan competencia da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira sétima. *Autorización de desenvolvemento.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta lei.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o título IV e a disposición adicional primeira que entrarán en vigor tres meses despois da devandita publicación.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

Organizacións non gobernamentais que integran o Consello Asesor de Medio Ambiente

Amigos de la Tierra.
Ecologistas en Acción.
Greenpeace España.
Sociedad Española de Ornitología SEO/Birdlife.
WWF/Asociación de Defensa de la Naturaleza (ADENA).

13011 LEI 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos. («BOE» 171, do 19-7-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. Necesidade e oportunidade das axencias estatais

Satisfacer as necesidades e as demandas cidadás co nivel de calidade que nestes momentos a sociedade exige é un compromiso dos poderes públicos e, por iso, a adecuada e eficaz prestación daqueles servizos públicos cuxa xestión corresponde á Administración xeral do Estado, require un novo enfoque organizativo e funcional dos organismos públicos que teñen encomendados estes servizos.

O obxectivo xeral deste novo marco de actuación é que os cidadáns poidan visualizar de maneira clara cales son os fins dos distintos organismos públicos e os resultados da xestión que se lles encargou a cada un deles, así como a forma en que se responsabilizan os seus xestores polo cumprimento dos obxectivos que previamente foron fixados de forma concreta e avaliable.

A Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado supuxo unha simplificación da normativa da Administración xeral do Estado e tamén dos seus organismos públicos, dotando estes dunha regulación que constitúe o seu réxime básico. Non obstante, as rixideces que presentan os actuais modelos de xestión e a escasa autonomía con que contan os organismos públicos, sobre todo na súa configuración de organismos autónomos, dificultan en gran medida a consecución dos obxectivos antes indicados.

Por iso, nos últimos anos, se buscaron solucións estruturais para intentar solucionar problemas de xestión, fundamentalmente de natureza orzamentaria, económico-financeira e de xestión de persoal, dando lugar, en moitos casos, a respostas organizativas forzadas desde a perspectiva dos obxectivos e funcións do organismo de que se trate, pero que supoñen o establecemento dun réxime de funcionamento máis flexible e superador das